

«1. A Secretaría Administrativa da Axencia quedará adscrita ao Instituto da Xuventude.

2. A Secretaría Administrativa xestionará tanto os recursos achegados polo Instituto da Xuventude como os provenientes da Comisión Europea.

3. A Secretaría Administrativa será a responsable da coordinación de todos os axentes implicados, elaboración de materiais conxuntos, seguimento da execución do programa, difusión do programa e da Axencia Nacional Española, así como a comunicación con outros órganos de coordinación na comisión e noutras axencias nacionais.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 23 de marzo de 2007.—O ministro de Traballo e Asuntos Sociais, Jesús Caldera Sánchez-Capitán.

XEFATURA DO ESTADO

7107 *LEI 4/2007, do 3 de abril, de transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas e as empresas públicas, e de transparencia financeira de determinadas empresas.* («BOE» 81, do 4-4-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

Esta lei contén a transposición da Directiva 2006/111/CE da Comisión, do 16 de novembro de 2006, relativa á transparencia das relacións financeiras entre os Estados membros e as empresas públicas, así como á transparencia financeira de determinadas empresas, publicada no Diario Oficial de la Unión Europea do 17 de novembro de 2006.

A Directiva 2006/111/CE da Comisión, do 16 de novembro de 2006, recolle a versión codificada da Directiva 80/723/CEE da Comisión, do 25 de xuño de 1980, relativa á transparencia das relacións financeiras entre os Estados membros e as empresas públicas, así como á transparencia financeira de determinadas empresas, que foi modificada en diversas ocasións e de forma substancial. Esta codificación era necesaria para unha maior racionalidade e claridade.

II

O obxectivo fundamental desta lei é evitar os abusos de posición dominante por parte das empresas que teñan concedidos dereitos especiais ou exclusivos ou se encontren encargadas da xestión de servizos de interese económico xeral, que reciban calquera tipo de compensación polo servizo público e que realicen tamén outras actividades, así como controlar as relacións financeiras existentes entre as empresas públicas e as administracións públicas xa sexan de ámbito estatal, autonómico ou local. Trátase, en definitiva, de garantir a transparencia financeira destas relacións.

III

Esta lei está dividida en catro capítulos, consta de 16 artigos, tres disposicións adicionais e catro disposicións derradeiras.

O capítulo I contén un único artigo que recolle o obxecto da lei, consistente en garantir a transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas, xa sexan estatais, autonómicas ou locais e as empresas públicas, subministrando información sobre a posta á disposición de fondos por parte das administracións públicas a estas empresas. Así mesmo, esta lei ten por obxecto garantir a transparencia na xestión dun servizo de interese económico xeral ou a realización de actividades en virtude da concesión por parte das ditas administracións públicas, de dereitos especiais ou exclusivos a calquera empresa, sempre que esta realice outras actividades distintas ás anteriores.

No capítulo II, integrado polos artigos 2 a 7, regúlanse as obrigas das empresas públicas, defínense estas e establécense as circunstancias que deberán concorrer para que se consideren como tales.

As empresas públicas quedan obrigadas a confeccionar un anexo, que non formará parte das contas anuais e que se remitirá á Intervención Xeral da Administración do Estado, directamente ou a través do órgano competente, segundo proceda, para que permaneza á disposición da Comisión Europea durante cinco anos desde o remate do exercicio anual durante o cal se puxesen á disposición ou utilizasen os fondos públicos. Este anexo conterá información específica sobre a posta á disposición de fondos efectuada polas administracións públicas, xa sexa directa ou indirectamente, a súa utilización efectiva, e os obxectivos perseguidos por estes fondos.

No capítulo III, que comprende os artigos 8 a 13, regúlanse as obrigas das empresas que deben levar contas separadas. Unha empresa deberá elaborar contas separadas cando as administracións públicas de ámbito estatal, autonómico ou local, lle concedesen dereitos especiais ou exclusivos ou lle confiasen a xestión dun servizo de interese económico xeral, reciba calquera tipo de compensación por xestionar ese servizo e leve a cabo outras actividades.

Estas empresas deben confeccionar un anexo que tampouco formará parte das contas anuais e que igualmente será remitido á Intervención Xeral da Administración do Estado, directamente ou a través do órgano competente, segundo proceda, e quedará á disposición da Comisión Europea durante cinco anos a partir do remate do exercicio anual a que se refira a información. Este anexo conterá información sobre os ingresos e custos correspondentes a cada unha das actividades realizadas, ademais de información detallada sobre os métodos de asignación e imputación empregados.

Tanto no caso das empresas públicas como no das empresas que deben levar contas separadas, esta lei sinala diferentes tipos de empresas que non están obrigadas a presentar a dita información. Adicionalmente, débese sinalar que as actividades que estean cubertas por disposicións específicas non se verán afectadas polo contido desta lei.

O capítulo IV, integrado polos artigos 14 a 16, establece as obrigas das empresas públicas manufactureiras, e sinala que se entenderá por empresa pública manufactureira, para os efectos desta lei, aquelas empresas que realizan a súa actividade principal neste sector.

As empresas públicas manufactureiras terán obriga de remitirle á Intervención Xeral da Administración do Estado, directamente ou por conduto do órgano competente, segundo proceda, para o seu posterior envío á Comisión Europea, ademais das contas anuais e do informe de xestión individuais e, se é o caso, consolidados, un anexo que conteña información detallada sobre certos tipos de transaccións e intervencións públicas.

Por último, cabe indicar que en todos os capítulos se inclúe un artigo que dispón que a responsabilidade na elaboración e remisión á Intervención Xeral da Administración do Estado da información requirida en todos os capítulos corresponderá ao órgano de administración das empresas.

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

Esta lei ten por obxecto:

1. Garantir a transparencia das relacións financeiras entre as administracións públicas xa sexan estatais, autonómicas ou locais e as empresas públicas a través da subministración de información sobre a posta á disposición de fondos, directa ou indirectamente, por parte das administracións públicas a estas empresas, así como a súa motivación e utilización efectiva.

2. Garantir a transparencia na xestión dun servizo de interese económico xeral ou a realización de actividades en virtude da concesión, por parte das administracións públicas xa sexan de ámbito estatal, autonómico ou local, de dereitos especiais ou exclusivos a calquera empresa, cando esta realice ademais outras actividades distintas das anteriores, actúe en réxime de competencia e reciba calquera tipo de compensación polo servizo público, así como imponer a obriga de levar contas separadas e de informar sobre os ingresos e custos correspondentes a cada unha das actividades e sobre os métodos de asignación empregados.

CAPÍTULO II

Obrigas das empresas públicas

Artigo 2. *Definición de empresas públicas.*

1. Defínense as empresas públicas, para os efectos desta lei, como calquera empresa na cal os poderes públicos poidan exercer, directa ou indirectamente, unha influencia dominante en razón da propiedade, da participación financeira ou das normas que a rexen.

2. En particular, e no ámbito da Administración xeral do Estado, consideraranse empresas públicas, as entidades a que se refire o punto 1 do artigo 166 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas.

3. No ámbito autonómico e local, consideraranse empresas públicas as entidades nas cales concorran as circunstancias mencionadas no punto primeiro deste artigo.

Artigo 3. *Remisión de información e contido.*

1. As empresas públicas remitirán á Intervención Xeral da Administración do Estado, ben directamente, cando se trate de empresas públicas estatais, ou ben por conduto do órgano competente da comunidade autónoma ou da entidade local, cando se trate de empresas públicas autonómicas ou locais, dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico, un anexo de información que non formará parte das contas anuais e que non será obxecto de publicación.

2. A remisión da información anterior á Intervención Xeral da Administración do Estado realizarase para os únicos efectos de evitar a dispersión de datos e facilitarlle á Comisión Europea esa información de maneira agregada.

3. De común acordo entre os órganos competentes desenvolveranse os procedementos de remisión da información a que se refire este artigo.

4. O anexo a que se refire o punto 1 deste artigo conterá a seguinte información:

a) Información sobre a posta á disposición dos fondos efectuados polas administracións públicas de ámbito estatal, autonómico ou local, xa sexa directamente ou por mediación doutras empresas públicas ou institucións financeiras,

b) Información sobre a utilización efectiva dos ditos fondos, e

c) Información sobre os obxectivos perseguidos no outorgamento deses fondos.

Artigo 4. *Conservación da información.*

Co obxecto de evitar a dispersión de datos e facilitar unha información agregada, a Intervención Xeral da Administración do Estado manterá á disposición da Comisión Europea o anexo remitido conforme o disposto no artigo anterior, durante cinco anos desde o final do exercicio anual durante o cal se puxesen á disposición os fondos públicos. Se estes fondos son utilizados nun exercicio posterior, o prazo de cinco anos empezará a contar desde o final dese exercicio.

Artigo 5. *Finalidades da posta á disposición dos fondos públicos.*

A posta á disposición dos fondos por parte das administracións públicas, de forma directa ou indirecta ás empresas realizarase, entre outras, para calquera das seguintes finalidades:

- A compensación das perdas de explotación;
- As achegas de capital;
- As achegas a fondo perdido ou os préstamos concedidos en condicións distintas ás de mercado;
- A concesión de vantaxes financeiras, xa sexa en forma de non percepción de rendementos ou de non-recuperación de créditos;
- A renuncia a unha remuneración en condicións de mercado dos fondos públicos comprometidos; ou
- A compensación das cargas impostas polas administracións públicas.

Artigo 6. *Responsabilidade do órgano de goberno.*

O órgano de administración da empresa pública terá a responsabilidade da elaboración e remisión do anexo que conteña a información referida no artigo 3 desta lei.

Artigo 7. *Exencións.*

Exímense da obriga establecida no artigo 3 as seguintes entidades:

a) As empresas públicas, polo que se refire aos servizos cuxa prestación non poida afectar de forma apreciable o comercio entre os Estados membros;

b) As entidades de crédito públicas, polo que se refire aos depósitos de fondos públicos efectuados polas administracións públicas en condicións normais de mercado;

c) O Banco de España;

d) As empresas públicas cuxo importe neto da cifra de negocios na data de cerramento de cada un dos dous exercicios anteriores ao que se puxesen á disposición ou utilizasen os fondos públicos fose inferior a 40 millóns de euros; e

e) As entidades de crédito públicas, cuxo importe total das partidas do activo non supere os 800 millóns de euros, nos dous exercicios anteriores ao que se puxesen á disposición ou utilizasen os fondos públicos.

CAPÍTULO III

Obrigas das empresas que deban levar contas separadas

Artigo 8. *Definición de empresa obrigada a levar contas separadas.*

1. Unha empresa estará obrigada a levar contas separadas, para os efectos desta lei, cando as administracións públicas de ámbito estatal, autonómico ou local lle concedesen dereitos especiais ou exclusivos ou lle confiassen a xestión dun servizo de interese económico xeral, reciba calquera tipo de compensación por xestionar ese servizo de interese económico xeral ou explotar eses dereitos especiais ou exclusivos e leve a cabo outras actividades.

2. Entenderase por dereito exclusivo calquera dereito concedido polas administracións públicas, xa sexan de ámbito estatal, autonómico ou local, a unha empresa, mediante norma legal, regulamentaria ou resolución administrativa, que lle reserve en exclusiva á dita empresa o dereito a prestar un servizo ou emprender unha actividade nunha zona xeográfica específica.

3. Entenderase por dereitos especiais calquera dereito concedido polas administracións públicas, xa sexan de ámbito estatal, autonómico ou local, a un número limitado de empresas, mediante norma legal, regulamentaria ou resolución administrativa, que nunha zona xeográfica específica:

a) Limite a dúas ou máis o número de empresas autorizadas a prestar un servizo ou emprender unha actividade, por aplicación de criterios que non sexan obxectivos, proporcionados e non discriminatorios, ou

b) Designe, de acordo con estes criterios, varias empresas autorizadas a prestar un servizo ou emprender unha actividade, ou

c) Conceda a unha ou varias empresas, de acordo cos ditos criterios, vantaxes legais ou regulamentarias que afecten substancialmente a capacidade de calquera outra empresa para prestar o mesmo servizo ou exercer a mesma actividade na mesma zona xeográfica en condicións substancialmente equivalentes.

Artigo 9. *Remisión de información e contido.*

1. Calquera empresa que estea obrigada a levar contas separadas remitirá á Intervención Xeral da Administración do Estado, quer directamente, cando se trate dunha empresa á cal lle concedese o dereito especial ou confiase a xestión do servizo de interese xeral unha Administración pública de ámbito estatal, quer por conduto do órgano competente da comunidade autónoma ou da entidade local, cando se trate de empresas ás cales lles concedese o dereito especial ou confiase a xestión do servizo de interese xeral unha Administración pública de ámbito autonómico ou local, respectivamente, dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico, un anexo de información que non formará parte das contas anuais e que non será obxecto de publicación.

2. A remisión da información anterior á Intervención Xeral da Administración do Estado realizarase para os únicos efectos de evitar a dispersión de datos e facilitarlle á Comisión Europea esta información de maneira agregada.

3. De común acordo entre os órganos competentes desenvolveranse os procedementos de remisión da información a que se refire este artigo.

4. O anexo a que se refire o punto 1 deste artigo conterá a seguinte información:

a) Información separada sobre os ingresos e custos correspondentes a cada unha das actividades realizadas pola empresa, e

b) Información detallada sobre os métodos de asignación e imputación empregados.

Artigo 10. *Conservación da información.*

Co obxecto de evitar a dispersión de datos e facilitar unha información agregada, a Intervención Xeral da Administración do Estado manterá á disposición da Comisión Europea o anexo remitido conforme o disposto no artigo anterior durante cinco anos a partir do final do exercicio anual a que se refira a información.

Artigo 11. *Criterios de asignación e imputación dos ingresos e custos.*

Na asignación e imputación dos ingresos e custos teranse en conta os seguintes criterios:

a) Identifícaranse cada unha das actividades realizadas pola empresa, con diferenciación, en calquera caso, entre aquelas desenvolvidas por concesión de dereitos especiais ou exclusivos ou xestión de servizos de interese económico xeral e outras.

b) A cada actividade asignaráselle os ingresos e custos que lle correspondan de forma exclusiva ou directa e imputaranse con criterios racionais, os comúns a dúas ou máis actividades.

c) A imputación dos ingresos e custos comúns basearase en criterios ou indicadores o máis obxectivos posibles e que se axusten ás prácticas máis habituais a este respecto no sector en que a empresa leve a cabo a súa actividade, sempre coa orientación de que os ingresos e custos comúns imputados a cada actividade estean adecuadamente correlacionados.

d) De acordo co principio de uniformidade, os criterios de asignación e imputación de ingresos e custos deberán establecerse e aplicarse sistematicamente, manténdose de maneira uniforme ao longo do tempo.

e) Detallaranse os criterios de asignación e imputación utilizados e, en caso de que por razóns excepcionais e xustificadas se chegasen a modificar estes criterios, deberá darse conta das ditas razóns, así como da incidencia cuantitativa dos ditos cambios para tal fin considerárase que os cambios se producen ao inicio do exercicio.

Artigo 12. *Responsabilidade do órgano de administración.*

O órgano de administración da empresa terá a responsabilidade da elaboración e remisión do anexo que conteña a información referida no artigo 9 desta lei.

Artigo 13. *Exencións.*

1. A obriga do artigo 9 desta lei non se aplicará ás actividades que estean reguladas por disposicións específicas e tampouco afectará as obrigas impostas ás empresas que efectúen tales actividades en virtude das ditas disposicións específicas.

2. Exímense da obriga do artigo 9 desta lei as seguintes entidades:

a) As empresas, polo que se refire aos servizos cuxa prestación non poida afectar de forma apreciable ao comercio entre os Estados membros;

b) As empresas cuxo importe neto da cifra de negocios na data de cerramento de cada un dos dous exercicios anteriores ao de concesión dun dereito especial ou exclusivo ou á concesión da xestión dun servizo de interese económico xeral, sexa inferior a 40 millóns de euros. No caso de entidades de crédito públicas será necesario que o total das partidas do activo non supere os 800 millóns de euros; e

c) As empresas ás cales se lles confiase a xestión de servizos de interese económico xeral e que calquera que

sexa a compensación recibida, esta se concedese, por un período apropiado, de acordo cun procedemento aberto, transparente e non discriminatorio.

CAPÍTULO IV

Obrigas das empresas públicas manufactureiras

Artigo 14. *Definición de empresas públicas manufactureiras.*

1. Entenderase por empresas públicas que realizan a súa actividade principal no sector manufactureiro, para os efectos desta lei, aquelas empresas cuxa actividade ordinaria, entendida esta como aquela actividade que é desenvolvida pola empresa regularmente e pola que obtén ingresos de carácter periódico que representan polo menos o 50 por cento do importe neto da súa cifra de negocios, sexa a transformación mecánica, física ou química de materiais, substancias ou compoñentes en novos produtos.

2. En particular, considerarase que cumpren esta definición as empresas que realicen calquera das actividades que se especifican no anexo que se xunta a esta lei.

Artigo 15. *Remisión de información e contido.*

1. As empresas públicas que cumpran a definición do artigo 14 desta lei, e sempre que o importe neto da súa cifra de negocios no exercicio anterior fose superior a 250 millóns de euros, deberán remitir á Intervención Xeral da Administración do Estado dentro dos sete meses seguintes á terminación do exercicio económico, a información recollida neste artigo. Cando se trate de empresas públicas autonómicas e locais o envío da información anterior efectuarase por conduto do órgano competente da comunidade autónoma ou da entidade local.

2. A remisión da información anterior á Intervención Xeral da Administración do Estado realizarase para os únicos efectos de evitar a dispersión de datos e facilitar á Comisión Europea esta información de maneira agregada.

3. De común acordo entre os órganos competentes desenvolveranse os procedementos de remisión da información a que se refire este artigo.

4. A información que se deberá remitir comprenderá os seguintes documentos:

a) As contas anuais e o informe de xestión individuais e, se é o caso, consolidados, que se deban elaborar de acordo co disposto na normativa contable que lles sexa de aplicación. Ademais, deberán xuntarse as actas das xuntas xerais de accionistas.

b) Sen prexuízo da información que se deba subministrar na memoria das contas anuais individuais e, se é o caso, consolidadas, nun anexo que non formará parte destas, e que non será obxecto de publicación, incluírase a información relativa a:

Calquera tipo de intervención pública, en particular, a condonación de cantidades debidas ás administracións públicas pola empresa pública, incluídos, entre outros, o reembolso de préstamos, as subvencións, o pagamento do imposto sobre sociedades, as cotizacións sociais e outros pagamentos de carácter similar.

Detalle das transaccións efectuadas pola empresa pública con outras empresas do seu grupo, con outros grupos de empresas públicas, así como as realizadas directamente entre as empresas públicas e as administracións públicas.

Artigo 16. *Responsabilidade do órgano de administración.*

O órgano de administración da empresa pública terá a responsabilidade da elaboración e remisión da información referida no artigo 15 desta lei.

Disposición adicional primeira. *Réxime foral do País Vasco e de Navarra.*

En virtude do seu réxime foral, a aplicación ás comunidades autónomas do País Vasco e de Navarra do previsto nesta lei entenderase sen prexuízo do disposto na Lei do concerto económico e no Convenio de Navarra, respectivamente.

Disposición adicional segunda. *Pagamento de débedas adiadas de institucións sanitarias coa Seguridade Social.*

As institucións sanitarias que obtivesen a ampliación da carencia e da moratoria a que se refire a disposición adicional sexta da Lei 42/2006, do 28 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2007, así como as sucesoras destas institucións, que, pola súa vez, teñan concedidos adiamentos por cotas de Seguridade Social xeradas con posterioridade a xaneiro de 1995, poderán solicitar da Dirección Xeral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a condonación da totalidade das recargas de mora e de constrinximento incluídas nos ditos adiamentos, así como os xuros producidos por estas desde xaneiro de 2007, sempre que amorticen a totalidade do principal dos citados adiamentos dentro dos tres meses naturais seguintes ao da publicación desta lei.

Disposición adicional terceira. *Amortización de determinados créditos concedidos á Seguridade Social.*

Un. Durante o exercicio 2007 a Tesouraría Xeral da Seguridade Social reembolsaralle ao Banco de España a totalidade do principal dos créditos concedidos á Seguridade Social nos anos 1990 e 1991, atendendo ao valor actual que teña a débeda pendente deles no momento do seu pagamento. Queda sen efecto o calendario de amortización previsto na disposición transitoria sexta da Lei 41/1994, do 30 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 1995, ao resultar cancelada co dito pagamento a débeda na súa totalidade.

Dous. A modificación orzamentaria pola que se habiliten os créditos para o reembolso da totalidade do principal a que se refire o punto anterior non computará en canto aos límites porcentuais establecidos no artigo 57.2 da Lei xeral orzamentaria para efectos de determinar a competencia para acordar posteriores suplementos de crédito ou créditos extraordinarios no orzamento da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta lei ten o carácter de bases da actividade económica e de bases do réxime xurídico das administracións públicas, de acordo, respectivamente, co disposto no artigo 149.1.13.^a e 18.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta lei incorpórase ao dereito español a Directiva 2006/111/CE da Comisión, do 16 de novembro de 2006, relativa á transparencia das relacións financeiras entre os Estados membros e as empresas públicas, así como á transparencia financeira de determinadas empresas.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habílase o Goberno para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución do disposto nesta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

No obstante o anterior, o contido do capítulo III será obrigatorio para os exercicios anuais que se inicien a partir da entrada en vigor desta lei.

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 3 de abril de 2007.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO

Este anexo contén a relación de empresas cuxas actividades corresponden á sección D, concretamente, da subsección DA ata, e incluíndo, a subsección DN da nomenclatura estatística de actividades económicas na Comunidade Europea (rev. 1).

1. Industrias da alimentación, bebidas e tabaco.
2. Industria téxtil e da confección.
3. Industria do coiro e do calzado.
4. Industria da madeira e da cortiza.
5. Industria do papel, edición, artes gráficas e reprodución de soportes gravados.
6. Coquerías, refinación de petróleo e tratamento de combustibles nucleares.
7. Industria química.
8. Industria da transformación do caucho e materias plásticas.
9. Industria doutros produtos minerais non metálicos.
10. Metalurxia e fabricación de produtos metálicos.
11. Industria da construción de maquinaria e equipamento mecánico.
12. Industria de material e equipamento eléctrico, electrónico e óptico.
13. Fabricación de material de transporte.
14. Industrias manufactureiras diversas.

7108 LEI 5/2007, do 3 de abril, da Rede de Parques Nacionais. («BOE» 81, do 4-4-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Esta lei ten por obxecto establecer o réxime xurídico básico da Rede de Parques Nacionais, cuxos obxectivos

se declaran de interese xeral do Estado, no marco do disposto nos artigos 45 e 149.1.23 da Constitución.

A Rede de Parques Nacionais defínese como un sistema dirixido a integrar a mostra máis representativa do conxunto de sistemas naturais españois, dando lugar a un todo que debe ser a síntese do mellor patrimonio natural español, para o seu legado no mellor estado de conservación posible ás xeracións vindeiras. Os elementos básicos da Rede son os espazos declarados parques nacionais, seleccionados por seren representantes significativos dos ecosistemas característicos do máis valioso do patrimonio natural español, polo que a súa conservación merece atención prioritaria e debe ser declarada de interese xeral do Estado.

Os parques nacionais deben destacar polo seu alto valor ecolóxico e cultural, pola beleza das súas paisaxes, ou pola singularidade da súa flora, da súa fauna, da súa xeoloxía ou das súas formacións xeomorfolóxicas, de modo que se poidan considerar como bos representantes del, ou dos sistemas naturais correspondentes.

A declaración dun novo parque nacional terá, como obxectivo primordial, axudar a completar a representatividade dos sistemas naturais no conxunto da Rede, o que obriga a que, previamente á declaración dun novo parque nacional, se proceda a unha avaliación do grao en que o territorio proposto como tal representa realmente de forma significativa o sistema natural e os valores que se deben integrar na Rede. Para iso exíxese que o espazo proposto sexa altamente representativo en canto á tipoloxía de especies e características naturais, dalgún ou dalgúns dos sistemas naturais españois que se particularizan no anexo desta lei, contando cunha proporción significativa das especies e comunidades representativas deles, ou daquelas máis ameazadas en España, así como capacidade territorial e ecolóxica para garantirles a estas especies e comunidades un estado de conservación favorable. Para facer viable estes procesos establécense unha serie de exixencias, como que teña unha superficie continua e non fragmentada suficiente ocupada por formacións naturais, ou que non poida existir solo urbanizado nin susceptible de transformación urbanística, co obxectivo de que sexa viable a súa evolución natural, sen ou con escasa intervención humana.

O interese xeral do Estado en que a Rede constituía unha mostra completa dos principais sistemas naturais españois que poida ser legada ás xeracións vindeiras exige que na iniciativa para a declaración se priorice a inclusión de sistemas naturais aínda non representados. Esta iniciativa correspóndelles ás comunidades autónomas ou ao Goberno da Nación, logo do acordo favorable das asembleas lexislativas das comunidades autónomas que acheguen territorio ao parque nacional. A declaración dun parque nacional para a súa integración na Rede de Parques Nacionais farase por lei das Cortes Xerais.

Complementariamente, a natureza e as características dos obxectivos perseguidos exixen que a proposta dun novo parque nacional reúna as garantías correspondentes de transparencia e de participación pública, polo que se exige que sexa sometida a trámite de información pública por un prazo mínimo de dous meses, incorporándose ao expediente as alegacións presentadas, e que sexa sometida a informe do Consello da Rede, previamente a que o ministro de Medio Ambiente a eleve ao Consello de Ministros.

Esta proposta, para asegurar a súa adecuación aos obxectivos da Rede de Parques Nacionais, debe incluír a denominación do parque, os obxectivos conservacionistas que son de interese xeral do Estado para o parque previsto, os límites propostos e a caracterización ambiental e socioeconómica do territorio afectado, xunto á análise científica e técnica demostrativa do cumprimento dos requisitos establecidos para os parques nacionais nesta lei; tamén debe incluír a avaliación dos usos actuais exis-